

# ASÍ É A DITADURA

IDEA E TEXTO

Equipo Plantel

ILUSTRACIONES

Mikel Casal



TRADUCCIÓN

María Mediero

# ASÍ É A DITADURA

IDEA E TEXTO

**Equipo Plantel**

ILUSTRACIÓNS

**Mikel Casal**

TRADUCIÓN

**María Mediero**



GALICIA, 2017

Este libro fai parte dunha colección de catro títulos pensada para os lectores máis novos que publicou entre os anos 1977 e 1978 a editorial barcelonesa La Gaya Ciencia. O ditador Franco morrera só un par de anos antes e o país estaba a vivir unha etapa —a Transición— que achegaría os primeiros cambios democráticos.

Xa pasaron corenta anos desde aquela e pensamos que o espírito e a maior parte da letra deste libro están completamente vixentes, polo que decidimos volver editalo con novas ilustracións. Dos textos unicamente tocamos algunha coma (así que non podemos dicir que non tocamos nin unha coma), pero non lle suprimimos nin engadimos nada ao seu contido. No esencial, as ideas e os comentarios son perfectamente válidos, o mesmo que acontece co test, que tamén reproducimos sen alteracións. Convidamos todos os lectores a o contestar. Só inserimos, nas últimas páxinas, unha breve nota para actualizar a información nos casos que nos pareceu que cumpría.

Debe facerse unha advertencia xeral, común neste lugar situado ao comezo do libro: cando no texto apareza a palabra homes, as lectoras e os lectores máis novos han de entender que abrangue mulleres e homes; e cando apareza a palabra nenos, que se refire por igual a nenas e nenos. Nos anos setenta, non era necesario facer esta precisión, pero hoxe é máis correcto usarmos os dous termos.

A colección orixinal chamábase en castelán «Libros para Mañana». Se podemos ler o que di o libro sen que nos cause moitísima estrañeza, é porque seica ese mañá aínda non é hoxe. Esperamos que xa non tarde.

OS EDITORES DE MEDIA VACA

A ditadura é coma un ditado:  
Un señor di o que hai que facer e os demais fano.  
Simplesmente porque si.

*Debo obedecer*



Case todos os días, o ditador érguese cedo e de mal humor.



E comeza rifándolle  
ao primeiro que atopa.


Mentres almorza, o primeiro servo-ministro cóntalle todas as cousas que acontecen no país.

Ben, só algunhas cousas; xustamente as que non lle desgustan.



Pasa o día a ditar:

- Dita leis.
- Dita premios.
- E tamén dita castigos.



# TEST SOBRE A DICTADURA

## 1. *Que é un ditador?*

- A. Un gobernante xusto.
- B. Un tirano que goberna pola forza.
- C. Un home escollido polo pobo.

## 2. *Por que se lle chama ditadura ao goberno dun ditador?*

- A. Porque cada un fai o que lle peta.
- B. Porque só se fai o que lle peta ao ditador.
- C. Porque os traballadores mandan.

## 3. *Que é o que menos che gusta das ditaduras?*

- A. Que o ditador sexa quen o decide todo.
- B. Que non haxa partidos políticos.
- C. Que non se teña en conta a opinión do pobo e se trate mal as persoas.

## 4. *Pensas que a xente pode vivir feliz nunha ditadura?*

Escribe a túa opinión.



Este libro fai parte dunha colección de catro títulos pensada para os lectores máis novos que publicou entre os anos 1977 e 1978 a editorial barcelonesa La Gaya Ciencia. O ditador Franco morrera só un par de anos antes e o país estaba a vivir unha etapa —a Transición— que achegaría os primeiros cambios democráticos. Xa pasaron case corenta anos desde aquela e pensamos que o espírito e a maior parte da letra deste libro está completamente vixente, polo que decidimos volver editalo con novas ilustracións. Dos textos unicamente tocamos algunha coma (así que non podemos dicir que non tocamos nin unha coma), pero non lle suprimimos nin engadimos nada ao seu contido. No esencial, as ideas e os comentarios son perfectamente válidos, o mesmo que aconteceu co test, que tamén reproducimos sen alteracións. Convidamos todos os lectores a o contestar. Só inserimos, nas últimas páxinas, unha breve nota para actualizar a información nos casos que nos pareceu que cumpría.



  
catroventos  
EDITORA

[www.catroventos.gal](http://www.catroventos.gal)



DEREITOS  
HUMANOS

ISBN 978-84-945917-3-0



9 788494 591754